



## Contos de Mark Twain

### Mark Twain




Samuel Langhorne Clemens, escritor e xornalista estadounidense, en 1863 comezou a asinar os seus artigos como Mark Twain, que significa o calado mínimo necesario para a boa navegación. En 1884 publica *As aventuras de Huckleberry Finn*, que marcou o punto de maior nivel da súa carreira, aínda que son tamén moi famosas novelas como *As aventuras de Tom Sawyer*,

*Príncipe e mendigo* ou *Un ianqui na corte do Rei Artur*. Entre a súa produción de relatos breves destacan *O billete de un millón de libras*, *Os diarios de Adán e Eva* o *O idilio da xove esquimó*. Nesta pequena escolma de contos podemos ver un exemplo da súa prolífica obra que se caracteriza por un franco e ás veces irreverente sentido do humor que case chega a ser sátira social.

## Cien años de soledad

### Gabriel García Márquez

*Cien años de soledad* relata a historia da familia Buendía ao longo de seis xeracións na aldea ficticia de Macondo. A aldea é fundada por diversas familias conducidas por José Arcadio Buendía e Úrsula Iguarán, un matrimonio de primos que casaron cheos de presaxios e temores polo seu parentesco e o mito existente na rexión polo cal a súa descendencia podía ter rabo de proco. A pesar diso, tiveron tres fillos: José Arcadio, Aureliano e Amaranta (nomes que se repetirán nas seguintes xeracións). José Arcadio, o fundador, é a persoa que lidera e investiga coas novidades que traen os ciganos á aldea (tendo unha amizade especial con Melquíades, quen morre en varias ocasións e que sería fundamental para o destino da familia), e termina a súa vida atado á árbore até onde chega o fantasma do seu inimigo Prudencio Aguilar con quen dialoga. Úrsula é a matriarca da familia, que vive durante máis de cen anos cuidando da familia e do lar. A aldea pouco a pouco vai medrando e con este crecemento chegan habitantes do outro lado...



### Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.<sup>a</sup> Victoria Fernández de España n.º 2

15002 A Coruña

Tel.: 981 20 30 00

E-mail: jrabade@edu.xunta.es

Visítanos na páxina:

<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



# A lenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal





## Las Crónicas de Narnia. I. El sobrino del mago

C.S. Lewis

Hai máis de 50 anos C.S.Lewis creou unha terra de marabillas, fantasía e meigallos chamada Narnia. Desde entón, máis de 60 millóns de lectores descubriron este fantástico mundo. *Las Crónicas de Narnia* é un clásico da literatura infantil.


Dous amigos, Digory e Polly, vítimas do poder duns aneis máxicos que os poden transportar a diversos

mundos, son arroxados a outro mundo en que una malvada feiticeira tenta convertelos nos seus escravos. Pero entón aparece Aslan e crea Narnia, un mundo poboado de seres mitolóxicos, animais parlantes e bruxas malvadas. Cunha canción doce e melódica, acaba facendo que haxa vida nun mundo deserto e frío. Neste libro encontraremos todo isto e máis: veremos como por un descoído de Digory entra o mal neste novo mundo...

## Opiniones de un payaso

Heinrich Böll

*Opiniones de un Payaso* narra a historia de Hans, un clown con problemas sentimentais e financeiros. No espazo temporal dunha tarde, Hans nárرانos en primeira persoa, de forma fragmentaria e subxectiva, os problemas que ten coa súa familia, coa súa ex-prometida, Marie, unha rapariga que coñecera no colexio, as súas diferenzas coa Igrexa, criticando sempre a hipocrísia con ton irónico aínda que sen deixar ás veces que se deslice entre as súas palabras certo fascinio polas cousas máis sinxelas do mundo. Nese discurso case ininterrompido fáláanos de case todo, iranos servindo os seus puntos de vista, críticos e provocadores, sobre o mundo en que vive, a sociedade do "milagre" alemán dos 60.




## O vixía no centeo

J.D. Salinger

Holden Cauldfield, coñecendo que vai ser expulsado, tamén, deste último colexio, decide deixalo antes. Pasa tres días na cidade de Nova York e conta a historia do que fixo e sufriu nese tempo, desa fuxida cara a adiante que o leva a deambular polas rúas da cidade. Narrada moi subxectivamente, utilizando unha linguaxe propia da mocidade e facendo unhas análises da realidade mediadas pola peculiar personalidade do protagonista, cunha

personalidade nervosa e sensíbel, Holden, na transición da adolescencia á madurez, enfróntase no decurso dunhas poucas horas cos grandes temas que preocupan a todos os mozos: o seu lugar na sociedade, os valores que se afianzan e se desbotan, a actitude fronte á morte, o amor, a amizade, a iniciación ao sexo, contado todo con humor e unha extraordinaria intensidade narrativa, nun maxistral relato en primeira persoa que o converte en todo un clásico.



## El Cabra


Alexandre Jardin

Gaspard Sauvage, chamado *El Cabra*, notario en provincias, négase a crer no declive das paixóns. É un deses tipos extravagantes que viven ao ritmo dos seus fantasiosos humores. Quince anos despois de ter casado con Camilla decide resucitar o ardor dos primeiros tempos de relación pois, ao seu modo de ver, a paz dos matrimonios é sinónimo de naufragio. En vez de resignarse, lánzase á reconquista da súa muller. Grazas a estraños procedementos e rocambolescas estratagemas, voltará a converterse no amante de Camilla, no home dos seus soños. Para o seu propósito, nin sequera a morte é un obstáculo.

## A expedición do Pacífico

Marilar Aleixandre

Relatada en primeira persoa, a novela conta, en dez capítulos, a historia dunha expedición polo Pacífico. Entre os oito científicos que a compoñen, atópase a protagonista, Emilia, unha rapariga que, para poder participar na viaxe, se ten que disfrazar de neno. O relato, que abrangue desde 1867 —cando saen de España— até 1871 —ano da chegada da expedición a Lisboa—, describe as aventuras dos viaxeiros dun xeito realista e verosímil. Abundan as referencias á historia e aos coñecementos relacionados coas ciencias da natureza e coa navegación. Paralelamente, asistimos a unha aventura interior: o cambio que se produce na protagonista, que inicia a viaxe con algo máis de doce anos e chega feita unha muller.



## Aire negro

Agustín Fernández Paz

Tres anos despois de ocorridos os feitos, un expsiquiatra cóntanos unha experiencia estarrecedora coa súa primeira paciente. Imos coñecendo por el e pola voz narradora de Laura Novo a historia da aparición da Gran Besta, un ser monstruoso que habita nunha gruta. Confírmase así a mitoloxía do lugar, que tan ben coñece un dos traballadores da casa de turismo rural en que se veu hospedar a protagonista. A vinganza polo intromisión nese territorio alleo tronza a nova vida que, coa tranquilidade do espazo idílico e a felicidade do reencontro cun vello amor, busca a noutrora xornalista crítica en Madrid.

Con elementos de novela psicolóxica e de misterio, esta historia de amor imposible é unha auténtica viaxe ao corazón das tebras que transcende as limitacións de idade en que a sitúa a súa edición nunha colección xuvenil.



## O misterio dos fillos de Lúa


Fina Casallerrey

David, un rapaz de oito anos, convértese en narrador para contarnos como transcorre a súa vida mentres trata de resolver un misterio. Que pasa cos fillos da gata Lúa? Por que lle desaparecen sempre ao acabar de nacer? Nesta empresa é axudado por Branca, a súa noiva, coa que comparte a mascota. Branca é quen lle pon ese nome tan sonoro (porque a lúa sae de noite e aos gatos gústalles pasear cando hai lúa) e quen coidará tamén da gata. Ambos convértese en detectives que tenden trampas, vixían, investigan... e non descansarán até dar coa chave...

## Campos de fresas

Jordi Sierra i Fabra

Luciana toma una pastilla, dále unha suba de calor e cae en coma. O seu noivo Eloy busca ao que lles vendeu a droga. A policía tamén o busca. Un xornalista escribe unha historia sobre Luci. Loreto, unha amiga de Luci, ten un problema de bulimia. Poli, que foi o "camello" que lle vendeu a droga, entéirase de que van tras del, tenta desfacerse da droga, pero o seu xefe non lle deixa. Os amigos de Luci séguenlle a pista a Poli que os leva a unha discoteca. A policía tamén vai. Poli bóatase a fuxir... Durante a novela, Luci está a xogar unha partida de xadrez contra a morte.



## Maldito DNI

Pepe Carballude

Olimpio Montes, aos seus 50 anos, e despois de facer un estudo "cronolóxico" da súa familia, chega á conclusión de que vai morrer aos 80 anos. Quere vivir feliz os anos que lle restan, e cisma que só unha cousa llo pode impedir: o D.N.I. Decide, por iso, facerse pasar oficialmente por morto para vivir tranquilo, falsificando un certificado de defunción. A muller acepta seguirille o xogo, rexentando o negocio familiar, aínda que el ben se encarga de asustar un cliente que lles debía varios millóns, que entón pagou a débeda...